

2018

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2018

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Índice Memoria de Xestión 2018

Índice xeral	V	Resultados e transferencia	
Índice de cadros	VII	Centros de investigación - CITIC, CITEEC, CIT e CICA	
Introdución	XIII	Capítulo 5. Recursos humanos	101
Capítulo 1. A UDC en cifras	1	PDI	
Capítulo 2. Órganos de Goberno	3	PAS	
Equipo reitoral		INV	
Claustro		Internacionalización	
Consello Social		Capítulo 6. Xestión económica	109
Valedor Universitario		Evolución do orzamento	
Consello de Goberno		Liquidación do orzamento	
Secretaría Xeral		Capítulo 7. Servizos	113
Xerencia		CUFIE	
Capítulo 3. Área académica	15	Biblioteca Universitaria	
Estrutura		UTC	
Oferta académica		SIC	
Resultados		Servizo de Publicacións	
Seguimento		Extensión Universitaria	
Bolsas e axudas		Servizo de Normalización Lingüística	
Internacionalización		SAI	
Capítulo 4. Área de investigación	81	Rexistro, Documentación e Arquivo	
Estrutura		Asesoría Xurídica	
Proxectos, contratos e financiamento		Cooperación e Voluntariado	
Bolsas e axudas		ADI	
		Centro de Linguas	



Índice de cadros MEMORIA 2018

Páxina

03 Área académica		
Estrutura		
3.1	Centros	16
3.2	Departamentos	17
3.3	Escola Internacional de Doutoramento	21
3.4	Universidade Sénior	21
3.5	Centro de Linguas	21
Oferta académica		
3.6	Oferta académica en 2018. Graos	22
3.7	Oferta académica en 2018. Programas de simultaneidade	23
3.8	Oferta académica en 2018. Mestrados	24
3.9	Oferta académica en 2018. Doutoramento	26
3.10	Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2017-2018	27
Resultados		
<i>Ensinanzas oficiais</i>		
3.11	Alumnado da UDC no curso 2018-2019	28
3.12	Evolución da matrícula total na UDC	29
3.13	Alumnado de novo ingreso en graos da UDC en 2018-2019	29
3.14	Alumnado da UDC egresado en 2017-2018	30
3.15	Alumnado de grao en 2018-2019 por titulación	31
3.16	Alumnado de mestrados oficiais en 2018-2019	33
3.17	Alumnado de programas de doutoramento en 2018-2019	35
3.18	Egresados/as en 2017-2018 por titulación. Grao	36
3.19	Egresados/as en 2017-2018 por titulación. Titulacións non adaptadas ao EEES	37
3.20	Egresados/as en 2017-2018 por titulación. Mestrado	38
3.21	Teses de doutoramento defendidas en 2017-2018	40
3.22	Matrícula en grao en 2018-2019 por procedencia	41
3.23	Evolución da matrícula nos graos	42
3.24	Evolución da matrícula nos mestrados	44
3.25	Evolución da matrícula nos programas de doutoramento	46
3.26	Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación	47
3.27	Evolución do número de graduados/as por titulación	49
3.28	Evolución do número de egresados/as de mestrado por titulación	51
3.29	Evolución do número de teses de doutoramento defendidas	53
3.30	Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2017-2018	54
3.31	Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2017-2018	56
<i>Ensinanzas non oficiais</i>		
3.32	Matrícula en estudos propios en 2018-2019	58
3.33	Matrícula na Universidade Sénior en 2018-2019	58
3.34	Matrícula en actividades de formación complementaria en 2018-2019	59

Seguimento		
<i>Guías docentes</i>		
3.35	Evolución da implantación de títulos	60
3.36	Evolución do número de títulos implantados	60
3.37	Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos	60
3.38	Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos	61
3.39	Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados	61
3.40	Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en mestrados	62
3.41	Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de mestrado implantados	62
<i>Avaliación docente</i>		
3.42	Participación na avaliación docente en 2017-2018	62
3.43	Participación do profesorado na avaliación docente en 2017-2018 por departamento	63
3.44	Participación do alumnado na avaliación docente en 2017-2018 por centro	64
Bolsas e axudas		
3.45	Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación	65
3.46	Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos	65
3.47	Bolsas UDC-Santander para estudos de mestrado	65
3.48	Evolución do número de bolsas propias da UDC	65
3.49	Evolución da contía de bolsas propias da UDC	66
3.50	Bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas en 2017-2018	66
3.51	Evolución das axudas para transporte urbano e metropolitano das áreas da Coruña e Ferrol	66
3.52	Prazas nas residencias públicas da UDC en 2018-2019	66
3.53	Bolsas do plan propio da UDC para aloxamento en 2018-2019	66
3.54	Estudantes galardoados cos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato en 2018-2019	67
3.55	Evolución do número e contía dos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato	67
3.56	Premios Extraordinarios Fin de Carreira en 2017-2018	69
3.57	Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2016-2017	69
Internacionalización		
3.58	Mobilidade internacional do estudantado da UDC en 2017-2018	70
3.59	Estudantes internacionais rexistrados na Oficina de Relacións Internacionais	70
3.60	Mobilidade internacional do alumnado por centros en 2017-2018	71
3.61	Mobilidade internacional do alumnado por países en 2017-2018	72
3.62	Procedencia do alumnado da International Summer School en 2018	73
3.63	Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas	74
3.64	Participación no programa de profesorado visitante de países de fala inglesa	74
3.65	Evolución do número de axudas para a internacionalización	74
3.66	Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC	74
3.67	Alumnado estranxeiro matriculado en 2017-2018 por nacionalidade	75
3.68	Alumnado estranxeiro matriculado na UDC en 2017-2018 por ciclo	76
3.69	Alumnado estranxeiro matriculado na UDC en 2017-2018 por centro	78
3.70	Evolución do profesorado implicado na docencia en inglés	79
3.71	Evolución do número de créditos impartidos en inglés	79
3.72	Evolución do número de estudantes matriculados en titulacións bilingües	80

04 Área de investigación**Estrutura**

4.1	Institutos de investigación	82
4.2	Centros de investigación	82
4.3	Fundacións participadas pola UDC	82
4.4	Grupos de investigación	83
4.5	Unidades de investigación	86

Proxectos, contratos e financiamento

4.6	Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación	87
4.7	Evolución dos recursos para investigación captados con proxectos competitivos	87
4.8	Axudas autonómicas a unidades de investigación competitivas	87
4.9	Axudas do Ministerio de Economía para infraestruturas de investigación	88
4.10	Número de convenios e contratos de investigación con empresas e administracións públicas	88
4.11	Importe dos convenios e contratos de investigación con empresas e administracións públicas	88

Bolsas e axudas

4.12	Evolución das bolsas e contratos de investigación	89
------	---	----

Resultados e transferencia

4.13	Producción da UDC na base de datos Web of Science	90
4.14	Evolución do número de artigos da UDC na base de datos Web of Science	90
4.15	Evolución do número de patentes solicitadas e concedidas	91
4.16	Evolución do sóftware e outros RPI rexistrados	91
4.17	Iniciativas e startups creadas no Viveiro de Empresas da UDC	92
4.18	Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios	92

Centros de investigación**CITIC**

4.19	Evolución dos recursos captados polo CITIC	93
4.20	Evolución dos recursos de I+D+i captados polo CITIC segundo tipoloxía	93
4.21	Evolución da produción científica do CITIC	93
4.22	Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC	93

CITEEC

4.23	Axudas estatais para infraestruturas e equipamento do CITEEC en 2018	94
4.24	Proxectos de investigación con soporte no CITEEC	94
4.25	Convenios con empresas con soporte no CITEEC	94
4.26	Evolución de proxectos e convenios con empresas no CITEEC	95
4.27	Evolución do total de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	95
4.28	Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	96
4.29	Financiamento captado para a Agrupación Estratéxica do CITEEC (A-CITEEC)	96

CIT

4.30	Principais cifras do CIT en 2018	97
4.31	Evolución do número de proxectos de investigación no CIT	97
4.32	Evolución do orzamento executado polos grupos do CIT	97
4.33	Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CIT	98
4.34	Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CIT	98

	Páxina
CICA	
4.35 Evolución das principais cifras do CICA	99
4.36 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA	99
4.37 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA	99
05 Recursos humanos	
Persoal docente e investigador (PDI)	
5.1 Profesorado a 31 de decembro de 2018 por categoría e sexo	102
5.2 Persoal docente e investigador segundo réxime xurídico en 2018	102
5.3 PDI doutor por centro en 2018	103
5.4 Sexenios do corpo docente universitario en 2018	104
5.5 Evolución do corpo docente universitario	104
Persoal de administración e servizos (PAS)	
5.6 PAS funcionario por escala, grupo e sexo en 2018	105
5.7 Evolución do PAS por tipo de persoal	105
5.8 Nomeamentos e convocatorias de PAS en 2018	105
Persoal investigador (INV)	
5.9 Persoal investigador por sexo e categoría en 2018	106
5.10 Evolución do número de administrativos contratados en proxectos de investigación	106
5.11 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo	106
Internacionalización	
5.12 Evolución da mobilidade do PAS	107
5.13 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación)	107
5.14 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA	108
5.15 Evolución do número de investigadores visitantes	108
06 Xestión económica	
Evolución do orzamento	
6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC	110
6.2 Evolución do orzamento da UDC por capítulos	111
Liquidación do orzamento	
6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2017	112
6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2017	112
07 Servizos	
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa	
7.1 Formación virtual e a distancia no curso 2017-2018	114
7.2 Programas de apoio ao ensino no curso 2017-2018	114
7.3 Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe en 2017-2018 por nivel	114
7.4 Plan de Apoio ao Doutoramento e a Investigación en 2017-2018	114
7.5 Proxectos e experiencias de Aprendizaxe-Servizo presentadas en 2017-2018	115
7.6 Grupos de Innovación Educativa presentados en 2017-2018	115
7.7 Datos da I Convocatoria de MOOC da UDC	115
Biblioteca Universitaria	
7.8 Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2014-2018	116
7.9 Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2014-2018	116

	Páxina
7.10 Gasto en adquisicións de monografías e outros materiais por centros en 2018	116
7.11 Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2014-2018	117
7.12 Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2014-2018	117
7.13 Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2014-2018	118
7.14 Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria	118
7.15 Evolución do número de usuarios por sectores	118
Unidade Técnica de Calidade	
7.16 Informes anuais de seguimento presentados e recibidos	119
7.17 Mestrados Universitarios da UDC ou que coordina esta que renovaron a súa acreditación en 2018	119
7.18 Centros que lograron a acreditación institucional en 2018	119
7.19 Participación do profesorado na VII convocatoria do Programa Docencia	120
7.20 Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2018	120
Informática e Comunicacóns (SIC)	
7.21 Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacóns	121
Servizo de Publicacións	
7.22 Evolución do número de publicacións da UDC	124
7.23 Evolución do intercambio de libros e revistas	124
7.24 Evolución da venda de libros do Servizo de Publicacións	124
Extensión Universitaria	
7.25 Modalidades e participantes nas ligas internas universitarias en 2018	125
7.26 Participación de deportistas da UDC nos Campionatos Universitarios de España en 2018	125
7.27 Actividades subvencionadas pola Oficina de Cursos en 2018	125
7.28 Asistencia aos campamentos infantís en 2018	125
Servizo de Normalización Lingüística	
7.29 Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística en 2018	126
7.30 Cursos de lingua para profesorado en 2016-2018	126
7.31 Axudas a traballos de investigación en galego en 2018	126
7.32 Evolución das axudas a traballos de investigación en galego	126
Servizo de Apoio á Investigación	
7.33 Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario	127
7.34 Distribución porcentual das mostras do SAI en 2018 segundo o tipo de usuario	127
7.35 Distribución das mostras do SAI segundo departamentos en 2018	128
Rexistro, Documentación e Arquivo	
7.36 Asentos realizados polo Rexistro en 2018	129
7.37 Asentos realizados polo Rexistro electrónico en 2018	129
7.38 Certificados FNMT rexistrados en 2018	129
Asesoría Xurídica	
7.39 Apuntamentos en 2018	130
7.40 Procedementos iniciados e finalizados en 2018	130
7.41 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2018	130
7.42 Orde xurisdiccional contencioso-administrativa en 2018	131
7.43 Orde xurisdiccional social en 2018	132
7.44 Orde xurisdiccional penal en 2018	132

	Páxina
7.45 Evolución do número de procedementos 2015-2018	133
7.46 Actuacións da Asesoría Xurídica en 2018	134
Cooperación e voluntariado	
7.47 Voluntariado por proxectos no campus da Coruña en 2018	135
7.48 Voluntariado por proxectos no campus de Ferrol en 2018	135
Unidade de Atención á Diversidade (ADI)	
7.49 Beneficiarios e importe das exencións de taxas por discapacidade	136
7.50 Evolución do alumnado con exención de taxas por discapacidade e atendido polo ADI	136
7.51 Evolución das bolsas da UDC para alumnado con discapacidade	136
7.52 Estudantes en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade	136
Centro de Linguas	
7.53 Evolución da matrícula global no Centro de Linguas	137
7.54 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2018	137
7.55 Estudantes de linguas estranxeiras en 2018 por linguas	137
7.56 Estudantes de linguas estranxeiras en 2018 por campus	138
7.57 Candidatos ás probas de certificación de nivel ACLES en 2018	138

Introdución

Cumprindo o mandato estatutario, que establece que o reitor debe render contas ante o Claustro cunha **memoria anual de xestión**, presento nas páxinas que seguen a correspondente ao ano **2018**. Como en ocasións anteriores, xunto cos cadros que reflicten a actividade da comunidade universitaria, incluimos un texto introdutorio, analítico e explicativo que pretende facilitar a contextualización dos datos aquí recollidos. Coido, tamén, que o constante contacto e as reunións habituais cos centros, cos departamentos e, en xeral, coa comunidade universitaria, axiliza a imprescindible comunicación dos avatares da xestión do meu equipo de goberno.

Debo comezar por salientar a transcendencia do proceso de reconfiguración dos nosos campus pola vía da especialización, co apoio das administracións públicas. O obxectivo dos **campus de especialización** é posicionar a UDC como unha universidade de referencia e excelente no seu ámbito, orientando nesa dirección a súa estratexia docente, investigadora e de transferencia de resultados da investigación á sociedade.

Ao se especializaren os campus refórzase o seu atractivo para o estudantado nacional e internacional e facilítase o traballo de colaboración científica interdisciplinaria, así como a conexión co contorno socioproductivo. Trátase dun poderoso instrumento para nos fortalecer. Unha oportunidade para conseguir, con máis solidez, os nosos obxectivos de internacionalización e de potenciación da transferencia de coñecemento establecidos no plan estratéxico.

Se en 2016 demos o primeiro paso co **Campus Industrial de Ferrol**, en 2018 fixémoslo no da Coruña.

En xuño presentamos ante a comunidade universitaria e ante a sociedade o **Campus Sustentabilidade**. Disciplinas das áreas de Enxeñaría Civil e Arquitectura, de Ciencias, de Ciencias Sociais e Xurídicas, de Ciencias da Educación e do Deporte e de Ciencias da Saúde implícanse nesta reconfiguración. Máis de 30 grupos de investigación interactuando baixo criterios de interdisciplinariedade.

O Campus Sustentabilidade estrutúrase en **catro áreas de especialización**: Cidade e territorio, Economía circular e sustentable, Sustentabilidade social e educación ambiental e Vida saudable.

Uns meses despois, a mediados de novembro, presentamos a última das tres especializacións: o **Campus Innova**, tamén na Coruña. Neste caso con presenza do presidente da Xunta, administración que impulsa este cambio de modelo.

A través do Campus Innova, a UDC quere ser axente activo dun ecosistema innovador, baseado no talento e no coñecemento, no mundo tecnolóxico e dixital. Un ecosistema onde Universidade, centros de investigación especializados e empresas xeren sinerxías e convertan A Coruña e a súa área metropolitana nun polo de innovación dixital e tecnolóxico con visión internacional. Unha **auténtica cidade da tecnoloxía dixital** onde a revolución dixital non sexa unha ameaza, senón un elemento de cohesión da sociedade.

O Campus Sustentabilidade e o Campus Innova permitirán un salto cualitativo na docencia, a investigación e a transferencia que implican substanciais modificacións no noso modelo organizativo, pero imprescindibles en aras da eficacia e da solvencia.

Noutra orde de cousas, quero salientar a especial satisfacción persoal que me produciu a inauguración da **residencia universitaria pública Elvira Bao**. Coa posta en funcionamento da primeira fase, a Universidade da Coruña cobre, por fin, unha demanda histórica.

A residencia universitaria da Coruña, que vén sumarse á xa aberta en Ferrol, foi posible grazas a un acordo asinado coa Deputación e co Concello da Coruña para a cesión dunha parte do edificio Calvo Sotelo. A institución provincial sufragou as obras de acondicionamento da súa ala leste do edificio, cunha achega de tres millóns de euros.

As instalacións, completamente renovadas, actualizadas e independentes do resto das dependencias do edificio, dispoñen xa de **46 prazas en cuartos dobres**, que serán 118 cando se complete a segunda fase. Resérvanse dous cuartos para estudantes con necesidades especiais. Os usuarios teñen acceso tamén, se o desexan, ao comedor do centro Calvo Sotelo.

Neste punto quixera subliñar a importancia de que a Universidade manteña unha liña de colaboración institucional para cumprir os seus obxectivos máis básicos. Desde logo, a residencia non sería posible sen esa colaboración.

Téñase en conta que o orzamento para **infraestruturas** segue paralizado. O fondo que a Xunta concede para edificios e instalacións non foi máis alá dun millón de euros en 2018, pois a administración autonómica segue a aplicar unha política de contención do gasto asociado a infraestruturas arquitectónicas. É obvio que esta cantidade resulta insuficiente para enfrontar reparacións, reformas, rehabilitacións e tarefas de conservación.

Outro feito relevante de 2018 foi a ampliación da nosa oferta académica con dous novos graos e cin-

co mestrados oficiais, de xeito que o catálogo inclúe agora **39 graos e 56 mestrados**.

Puxemos en marcha o **grao en Xestión Industrial da Moda** e o **grao en Paisaxe**, vinculados, respectivamente, ao Campus Industrial e ao Campus Sustentabilidade. O grao en Xestión Industrial da Moda fortalece a oferta do campus ferrolán e a estratexia que se está a desenvolver a través da Vicerreitoría de Ferrol e que, neste caso, se potencia incorporando un título cun innovador e ambicioso plan formativo, novidoso no sistema universitario español. Desde setembro o catálogo do **Campus de Ferrol** está composto por trece graos e nove mestrados, así como seis programas de doutoramento e un programa propio.

O grao en Paisaxe, coordinado pola UDC, é a primeira titulación de grao interuniversitaria do sistema universitario galego. Impártese conxuntamente coa Universidade de Santiago. Sen dúbida ningunha, a posta en marcha desta titulación compartida abre un camiño de futuro, tan inédito como promotor para a formación universitaria en Galicia.

Deste xeito, a colaboración entre as tres universidades, que xa leva uns anos acumulando experiencia no ámbito dos mestrados e dos programas de doutoramento, amplíase agora e chega ás titulacións de grao. Un significativo paso adiante para establecer sinerxías, aproveitar recursos e reforzar a calidade e a coherencia do **sistema universitario galego**.

Polo que se refire aos **mestrados universitarios**, dispoñemos neste momento dunha oferta estable e equilibrada entre as distintas ramas de coñecemento. A oferta de nova matrícula para este curso increméntase un **12%** sobre a do ano pasado. Implantáronse no campus de Ferrol os mestrados en Enxeñaría en Deseño Industrial e o de Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, vinculados ambos ao Campus de Especializa-

ción Industrial. No campus da Coruña, ofertouse por primeira vez como título oficial o mestrado en Produción Xornalística e Audiovisual.

A colaboración entre as universidades galegas explica tamén parte dese incremento, pois puxéronse en marcha **tres mestrados interuniversitarios**: Ciberseguridade, Biodiversidade Terrestre e Economía.

Ademais, cómpre salientar que catro teñen a consideración de internacionais, xa que ou son titulacións conxuntas cunha universidade estranxeira ou teñen convenio de dobre titulación. No curso 2018-2019 implantouse o mestrado interuniversitario en **Computación de Altas Prestacións**, que nalgún momento figurou no catálogo da UDC e que xa desde este curso ten un acordo de dobre titulación coa **École Internationale des Sciences du Traitement de l'Information (EISTI)**.

Canto ao **doutoramento**, no curso 2018-2019 ofertáronse un total de 36 programas: 8 en Ciencias, 5 en Ciencias da Saúde, 8 en Ciencias Sociais e Xurídicas, 10 en Enxeñaría e Arquitectura e 5 en Artes e Humanidades. O número de teses defendidas en 2017-2018 foi de **89**, cun balance moi equilibrado por xéneros, como xa vén ocorrendo nos cinco últimos cursos. Un total de **40 teses recibiron a Menção Internacional**, para cuxa consecución están a resultar fundamentais as axudas para estadias de estudantes de doutoramento financiadas polo programa Inditex-UDC, das que se beneficiaron **33 estudantes**.

■ Matrícula

O alumnado total das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento suma preto de **17.000 estudantes** entre os campus da Coruña e de Ferrol. Outros 261 alumnos e alumnas están matriculadas en posgraos propios e case mil persoas máis reci-

ben formación a través da **Universidade Sénior**, tamén nos dous campus.

Na evolución da matrícula nas diferentes titulacións da UDC, podemos establecer algunhas diferenzas entre graos, mestrados e doutoramentos. O número de estudantes de graos experimentou un leve descenso, ao pasar de 13.772 no 2017-2018 a **13.681** no 2018-2019. Pódese explicar pola complexa situación socioeconómica actual e pola caída demográfica, que provocan un descenso xeneralizado do número de estudantes universitarios. Por contra, **a evolución da matrícula nos mestrados é moi positiva**. Confírmase a tendencia de crecemento ininterrompida dos últimos anos: pasouse dos 1.372 estudantes de mestrado no curso 2014-2015 aos 1.976 no 2018-2019. Canto aos estudantes de doutoramento, a matrícula incrementouse un **8%** en relación co curso 2017-2018.

Estamos, pois, nunha fase de consolidación da estrutura completa das titulacións. O seu desenvolvemento pleno fai necesaria a avaliación continua do impacto das novas actividades e, en consecuencia, a formulación, a través da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Innovación Docente, de distintas reformas das normativas académicas para acomodalas ás necesidades organizativas e de recursos dos centros e aos cambios das lexislacións estatal e autonómica. Estas novas adaptacións só foron posibles pola colaboración e polo traballo dos equipos directivos das diferentes facultades e escolas implicadas, da **Escola Internacional de Doutoramento**, así como da comunidade universitaria no seu conxunto.

A oferta de títulos propios seguiu incrementándose, debido ao interese de diversas institucións e empresas, nuns casos, ou ben como consecuencia da proposta de membros da comunidade universitaria, tratando de responder de forma inmediata e áxil ás necesidades culturais, científicas e profesionais do contorno social.

■ Calidade e avaliación

Renovaron a súa acreditación catro títulos de mestrado da UDC ou coordinados por nós. A **Unidade Técnica de Calidade** (UTC) e Innovación Docente, traballou na revisión, actualización e modificación dos **sistemas de garantía interna de calidade (SGIC)** dos centros e da Escola Internacional de Doutoramento, en colaboración cun grupo de traballo intercentros, constituído polos/as responsables de Calidade dos centros que teñen certificada a implantación do SGIC.

A UTC tamén proporcionou apoio na xestión da solicitude do selo internacional de calidade EURO-ACE para os dous graos que se imparten na ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos: Tecnoloxía da Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Obras Públicas. Os dous graos obtiveron este selo sen recomendacións nin prescricións da comisión de acreditación correspondente.

Así mesmo, publicouse a sétima convocatoria do **programa Docentia**, no que se avaliaron 95 profesores. Cómpre facer unha consideración positiva dos resultados das valoracións finais, pois un 46,32% logrou unha valoración de excelente; un 52,64%, de notable; e un 1,06%, de aceptable.

O **Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE)** está a remodelar os plans de formación para PDI, estudantes e profesorado novel, dándolles prioridade aos cursos relacionados coas tecnoloxías aplicadas á docencia, coa docencia virtual e coas novas ferramentas de Office365 que a UDC acaba de poñer á disposición do seu persoal.

Durante o curso 2017-18 lanzouse unha nova convocatoria de proxectos de Aprendizaxe-Servizo, que deu como resultado a aprobación e certificación de **17 proxectos**. A finais de ano certificáronse **70 grupos de innovación docente**, cuxa actividade foi avaliada favorablemente por unha comisión de expertos.

Paa pechar este apartado sobre calidade, quero lembrar que en febreiro se publicou a primeira convocatoria para a elaboración de **cursos MOOC** da UDC. O MOOC *Música para el s. XXI: aportaciones del software libre a la educación musical*, elaborado en colaboración coa Universidade de Cádiz, foi recoñecido cun dos premios Innovación MiríadaX 2018.

■ Internacionalización

O proceso de internacionalización, estratéxico para a UDC, estámolo canalizando a través da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e seguindo tres eixes.

O primeiro deles atinxe aos **programas de mobilidade** e de intercambio de estudantes e de persoal docente e de administración dentro das accións Erasmus+ K103 (mobilidade entre países do programa Erasmus+) e K107 (entre países do programa e outros países asociados). Ademais de artellar novas canles de información para o estudantado, incrementamos o número de meses con bolsa para mobilidades anuais e para estudantes en prácticas (mesmo financiando estadias de ata dez meses). Igualmente, as accións para aumentar a mobilidade do persoal incrementaron as cantidades concedidas inicialmente para este fin polo Ministerio de Educación.

Unha segunda liña inclúe medidas para fomentar a internacionalización dos nosos campus da Coruña e de Ferrol. Promovemos as titulacións duplas ou conxuntas, así como a participación en proxectos das iniciativas europeas KA2 (cooperación para a innovación e intercambio de experiencias entre organizacións de diferente tipo), KA3 (reforma de políticas educativas) e “capacity building” con socios de fóra da Unión Europea.

Incluimos aquí o progreso do **Plan de apoio lingüístico para a docencia en inglés**, con novos cursos de mellora e o seguimento de profesorado en pro-

ceso de formación. Mantemos unha tendencia á alza no número de profesores e profesoras participantes no plan e igualmente no número de créditos impartidos en inglés, tal como se reflicte nos correspondentes cadros desta memoria.

■ Recursos para investigación

Sendo tanto a investigación como a transferencia apostas estratéxicas desta universidade, que se coordinan desde a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, estamos centrados en promover a excelencia científica e a especialización investigadora, como eixes básicos que, xunto coa transferencia, posibiliten a mellora do posicionamento da UDC en campos de alto valor estratéxico.

A captación de recursos externos para investigación durante 2018 ascendeu a preto dos 12,17 millóns, isto é, un aumento de máis dun millón de euros respecto do ano anterior. Esta tendencia gradual na consecución de fondos está determinada pola resolución de proxectos estatais que se convocan de forma cíclica, en especial no caso das infraestruturas. Cómpre salientar a subida experimentada nas convocatorias europeas, onde os grupos da UDC pasaron de 1,2 millóns de euros do 2017 a 2 millóns. O incremento nos proxectos europeos compensa a diminución en proxectos estatais e da Xunta, xa que en 2018 non se resolveron a maioría das súas convocatorias, que quedan pendentes para 2019.

No tocante a outras axudas de investigación, hai que salientar que a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta convocou e resolveu axudas para grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento. Concedéronse cinco **grupos de potencial crecemento** e dez de referencia competitiva, que conseguen en total preto dos 3 millóns de euros. A esta cifra hai que lle engadir os recursos captados polos centros de investigación, ás que me referirei máis adiante.

Adicionalmente captouse un total de **2,16 millóns para infraestruturas** de investigación, como consecuencia da participación na última convocatoria competitiva do MINECO. Esta achega, repartida entre centros de investigación, Servizo de Apoio á Investigación e Instituto de Medio Ambiente foi co-financiada co 80% de fondos FEDER e co 20% restante mediante achega da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

Ten especial relevancia a consolidación da **Unidade Mixta de Investigación (UMI "Estaleiro 4.0 o estaleiro do futuro")** que a UDC ten coa empresa pública Navantia e que renovou ata finais do 2021. Foi presentada na última convocatoria competitiva da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e concedida en novembro de 2018, cun orzamento total de 2,59 millóns de euros. Navantia achega 1,5 millóns e a Xunta o 30%. Conta cun total de 17 contratos de investigadores en formación, pertencentes a diferentes grupos de investigación do noso catálogo. Desenvolve o seu labor nas dependencias do Centro de Investigacións Tecnolóxicas do campus de Ferrol.

Por outro lado, o número de contratos con empresas e administracións públicas asinados polos nosos investigadores foi de 273, **máximo histórico da UDC**, cun importe total de 4,4 millóns. A maior parte destes contratos (155) xestionounos a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC).

■ Bolsas e contratos de investigación

No que respecta ás bolsas e contratos de investigación captados polos investigadores da UDC, os datos son similares aos dos anos pasados, cun lixeiro aumento en todas as convocatorias. Cómpre salientar a cifra das axudas predoutorais, que pasaron dun total de 41 en 2017 a 55 en 2018.

Realizouse a terceira convocatoria do **programa In-Talent**, un convenio asinado coa empresa Inditex

para captación de talento, cuxa finalidade é contratar investigadores de prestixio internacional que poidan conseguir financiamento competitivo internacional para a UDC. Nesta convocatoria foron seleccionados dous novos investigadores (José Antonio Iglesias e Mónica Ferrín). A investigadora seleccionada na primeira convocatoria, Elena Pazos, conseguiu este ano ser finalista dun *starting grant* dos proxectos ERC. Pola súa banda, a investigadora seleccionada en 2018, Mónica Ferrín, obtivo unha das axudas Ramón y Cajal da última convocatoria estatal.

■ Producción científica e patentes

A produción científica, medida a partir dos documentos científicos publicados con índice de impacto JCR e recollidos na Web of Science, segue nunha boa tendencia ascendente, con 950 artigos publicados este ano, algo superior aos 932 de 2017 e batenando tamén o **récord absoluto de publicacións da UDC**. A tendencia positiva de publicacións JCR resulta máis notable comparándoa cos datos de 2015, cando se rexistraron 569 publicacións.

O número de **patentes** solicitadas e concedidas por investigadores da UDC tamén aumentou e alcanzou o total de 23 concedidas, aínda que esta subida pode estar marcada polo cambio no criterio para a solicitude que puido acelerar a presentación. No caso das **licenzas de software** obsérvase unha cifra similar ao ano anterior, con 15 licenzas tramitadas.

■ Centros de investigación

O labor desenvolto polos centros de investigación (CITIC, CICA, CITEEC e CIT) encamiñase a alcanzar o recoñecemento que a Xunta concede, previa convocatoria competitiva, para agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación.

Así, no que atinxe ao **CITIC**, destaca a axuda como **centro singular**, que supón uns ingresos este ano

de 430.000€. Os recursos por convocatorias competitivas de I+D+i incrementáronse lixeiramente neste centro. Pasaron dos 4,1 millóns captados en contratos e convenios de 2017 aos **4,5 millóns** neste exercicio. O incremento tamén se reflicte no número de publicacións, que pasa das 134 do ano anterior ás 141 de 2018. Resalta o aumento nas publicacións de maior calidade, as indexadas no índice JCR, que aumentaron de 128 no pasado ano as 138 neste ano 2018.

No tocante ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), conseguiu renovarse a **agrupación estratéxica co INIBIC** cunha moi boa puntuación. Esta agrupación, de carácter multidisciplinar e sinérxico, creouse para lles dar resposta aos retos biomédicos, tecnolóxicos e ambientais a través da investigación, da formación e da transferencia de solucións integrais. O número de proxectos do CICA é moi similar aos do ano anterior, cun montante de 1,6 millóns de euros e cunha considerable suba no número e no importe de contratos, pois pasaron de 390.000 euros aos 1,3 millóns de 2018.

O **CITEEC** conseguiu tamén o selo de **agrupación estratéxica** na última convocatoria da Xunta de Galicia e un total de 400.000 euros para poñer en marcha distintas accións para optar ao seguinte nivel, o de centro singular. Deste presuposto, 100.000 euros foi o financiamento para 2018 e o resto para os dous anos seguintes. O número de proxectos de investigación con soporte no CITEEC subiu a **36** (tres máis que no exercicio anterior).

O **Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)** de Ferrol concorreu, igualmente, á última convocatoria de agrupacións estratéxicas baixo o nome de **Ci3** (Centro de Investigación en Industria Intelixente). Esta agrupación quedou ás portas do mínimo necesario para obter o selo de agrupación estratéxica (68 puntos, co corte en 70). Ao ser o centro mellor valorado dos que non obtiveron a cualificación ne-

cesaria, conseguiuase financiamento específico a través do convenio do Campus Industrial, co obxectivo de preparar unha futura avaliación de centro singular na área de industria intelixente ligada ao Campus Industrial de Ferrol. O número de proxectos de investigación do CIT pasou de **11 a 33**. Este aumento non se reflicte en número de contratos debido en gran parte a que varios dos grupos do CIT colaboran coa Unidade Mixta de Investigación con Navantia e suman os contratos a esa agrupación.

■ Axudas Beatriz Galindo

Na primeira convocatoria das axudas ministeriais Beatriz Galindo –para atraer talento investigador que realizou parte da formación non estranxeiro– a UDC conseguiu catro das cinco solicitudes presentadas seguindo a proposta consensuada na xuntanza da Comisión de Investigación. Prestouse especial atención ás propostas que contribúen a consolidar os novos campus especializados. O éxito nesta convocatoria posicionou a UDC no primeiro posto das universidades españolas, xa que só tres delas chegamos a catro das cinco prazas que se podían solicitar.

■ Cátedras institucionais

Asináronse tres novas cátedras ligadas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia que veñen a incrementar a necesaria colaboración coas empresas: A cátedra R en **Ciberseguridade** logo dun convenio entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a empresa de telecomunicacións R; a **Cátedra SXD Galicia Activa** entre a UDC e a Fundación Deporte Galego; e a **Cátedra Handytronic-Telecon**, entre a UDC e Telecon.

■ Orzamento e liquidación

Seguindo as pautas aprobadas polo Claustro, traballamos en 2018 cun orzamento de 123,30 millóns de

euros, unha cantidade que supón un **incremento de 3,85 millóns (3,22%)** sobre o orzamento de 2017.

A compoñente de financiamento máis importante corresponde ás achegas por transferencias correntes, o que supón un 74,65% no ano 2018, fronte a un 72,56% en 2017. As taxas académicas representan un ingreso tamén importante (13,52%). As transferencias de capital alcanzan un 11,10% e diminúen lixeiramente con respecto ao ano anterior.

Polo que respecta aos gastos, o orzamento responde, como en anos anteriores, aos compromisos de mantemento de persoal e tratamento preferente ás bolsas. O gasto en bens e servizos subiu un 7,56%, ao igual que as transferencias correntes, que aumentaron un 66,54%.

O investimento diminúe un 9,78% ao pasar de 11,058 millóns de euros en 2017 a 9,97 millóns de euros en 2018. Porén, o escenario mellora ao longo do ano xa que había convenios que finalizaban en 2017 pero renováronse ao longo do ano 2018, como sucede cos convenios de especialización dos campus.

Canto á **liquidación de 2017**, cómpre salientar que se produciu un incremento moi notable nas transferencias correntes (algo máis de catro millóns), derivado do fallo da sentenza en que se recoñeceu o infrafinanciamento estrutural da UDC. Nas transferencias de capital rexistrouse tamén un forte incremento, por mor do crédito incorporado procedente do exercicio anterior e pola captación de novos proxectos e convenios de investigación.

No caso dos gastos, a estimación tamén foi boa, posto que os gastos do capítulo de persoal e gastos correntes aproximáronse ás estimacións feitas a principio de exercicio, cando non estaba introducido o incremento retributivo. A diferenza importante nos investimentos reais débese ao mencionado incremento de ingresos.

O resultado orzamentario de 2017 indica un **superávit de 4,74 millóns de euros**. Xa que logo, hai unha mellora positiva con respecto aos anos anteriores, en que se rexistraba déficit. Polo tanto, hai unha mellora notable (superávit do 4,0%) con respecto aos anos anteriores. De acordo coa liquidación efectuada, **o remanente non afectado de tesouraría pasou a situarse en 0,47 millóns**.

■ Eficiencia enerxética

Temos implantados dous programas importantes de aforro: un de compra centralizada e outro de eficiencia enerxética, que abarca o consumo de enerxía eléctrica, gas e combustibles. Refórzase cun programa de educación para a sustentabilidade xestionado pola Oficina de Medio Ambiente.

Ademais da compra centralizada de combustibles e gas, imos avanzar na xestión da compra ou adquisición de bens por medio da adhesión á compra centralizada e acordos marco. Este ano fíxose a primeira compra a través deste procedemento, o que supuxo, ademais da redución do custo económico, unha redución dos custos de tempo e administrativos que implica a licitación.

A compra centralizada de enerxía eléctrica está a dar moi bos resultados. En 2018 permitiu un aforro acumulado de 120.000 euros. Na actualidade, estase a aplicar en tres centros: Filoloxía, Informática e o Edificio de Servizos Centrais de Investigación. Adicionalmente, preténdese avanzar na adhesión á rede Redexga no resto de centros, o cal pode supoñer un aforro anual de 125.000€.

■ Persoal docente e investigador

As políticas de acceso e promoción do PDI seguiron na relativa normalización iniciada en 2017, ben que seguen condicionadas por un marco normativo e económico restritivo. Os orzamentos do Estado

permitiron de novo engadir as prazas en excedencia sen reserva de posto de traballo que se producen cando cada promoción é efectiva, polo que a Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador da UDC se ampliou a **56 prazas** (43 prazas no ano 2017). Tres delas corresponden á cesión de taxa de reposición do Sergas para a convocatoria de prazas de titular de universidade vinculadas por primeira vez nos rexistros da nosa Universidade.

Negociadas e acordadas cos órganos de representación do PDI e no Consello de Goberno, destináronse dez prazas de profesor/a contratado/a doutor/a á estabilización de profesorado axudante doutor que rematou contrato en 2018. Outras vinte prazas destináronse a promocionar contratados doutores a titulares de universidade. En aplicación da lexislación estatal reserváronse cinco prazas (unha de contratado doutor e catro de titular) para incorporar persoal investigador do programa Ramón y Cajal.

Convocáronse **23 prazas de catedrático/a de universidade** para o profesorado acreditado. A estas convocatorias presentouse máis dun cento de docentes. A data de acreditación do último profesor admitido chegou ata setembro de 2013, no caso dos titulares, e a febreiro de 2015, no das cátedras. Esta progresión permite prever a cobertura de todas as acreditacións nun horizonte de dous anos.

Xunto cos condicionamentos legais, outros factores como o incremento de trienios, quinquenios e sexenios levan o capítulo I ao límite de custos de persoal que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para estes conceptos e para manter as figuras recollidas no convenio colectivo son moi limitados.

Esas limitacións condicionan a contratación de novo persoal, co conseguinte escenario de falta de renovación e de **inestabilidade** para os proxectos educativos, de investigación ou de transferencia á

sociedade dos seus resultados, que tanto preocupan a toda a comunidade universitaria. Os nosos esforzos céntranse en **minimizar os efectos negativos** mantendo estable o número de efectivos, priorizando a estabilización de profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa universidade e maximizando as posibilidades de promoción despois do bloqueo imposto entre os anos 2012 e 2016.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente xestionou a convocatoria de 51 concursos para profesorado asociado ou contratado interino de substitución e mantivo o programa para transformar prazas de contratados/as interinos/as de substitución noutras de profesorado axudante doutor. Nomeamos dous profesores eméritos e seis honorarios.

Quero lembrar que o Consello de Goberno de outubro aprobou un novo programa de captación e estabilización de talento no que se reservan para este fin cinco prazas da OEP de 2019. Pretendemos fomentar a participación en programas específicos de captación de talento de alto nivel competitivo tanto no ámbito estatal como no europeo, así como no noso programa de captación de talento **InTalent**.

■ Universidade Sénior

A Universidade Sénior segue na súa dinámica de crecemento nas dúas sedes da Coruña e Ferrol. A matrícula oscila arredor do milleiro de estudantes, dos que un **74% son mulleres** e un 64% son maiores de 65 anos. O plan de estudos incrementou a oferta formativa ata chegar á situación actual, con 21 materias no campus da Coruña e 17 no de Ferrol, máis 10 obradoiros entre os dous campus. Ademais da mellora académica, a Sénior, dependente da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, fomenta a oferta social e cultural, en paralelo ao plan de estudos, cun amplo número de actividades

complementarias: seminarios temáticos sobre literatura, historia e saúde, xornadas, conferencias, visitas académicas e outras actividades culturais.

En 2018 púxose en marcha o Proxecto de Democratización do Coñecemento, financiado pola Consellería de Política Social e pola Deputación da Coruña. O seu obxectivo é facilitarlles o acceso á universidade aos maiores de 50 anos do ámbito rural. Desenvolveuse en dúas xornadas na Costa da Morte e Betanzos e nel participou máis dun cento de persoas. Ao mesmo tempo, seguiu a potenciar a presenza da Sénior en distintos foros de ámbito nacional e internacional, así como os intercambios con universidades españolas e estranxeiras.

Canto a proxectos internacionais, no marco do programa Erasmus, continuouse coa participación no proxecto KA104 “TIC Tac +55” de mobilidade do profesorado, iniciouse a execución do proxecto KA204 “IDEMASAP 50+” (unha asociación estratéxica con socios en Eslovaquia, Polonia, República Checa e Portugal) e participou na TCA “European Cultural Heritage”. A Universidade Sénior tamén participou na creación da **Rede Mundial de Proxectos Educativos para Séniors** (RIPE +50) en Compostela.

Finalmente, celebráronse na Coruña os 15 anos de *Internacionalización, Movilidad e Innovación* na Universidade Sénior e o *International Meeting “Learning without borders”*, ao que asistiron máis de 100 participantes de distintos países.

■ Comunicación

Ao longo do ano, o Gabinete de Comunicación difundiu **322 notas de prensa** coa información relevante da UDC. Ademais de achegarllelos á prensa, radio e televisión, os comunicados sóbense á páxina web corporativa e aos sitios institucionais de Facebook e Twitter.

No **Facebook** a páxina de UDC acadou máis de 19.000 “gústame”, cun importante incremento de case 4.000 a respecto do ano anterior. No **Twitter** a conta da UDC ten 31.505 seguidores, máis da cuarta parte deles incorporados en 2018.

A nosa presenza nas redes sociais experimentou un forte aumento ao longo do ano, tanto polo número de publicacións como pola resposta e o número de persoas que interactúan coa UDC. Nesa liña, en abril organizouse unha nova xornada (a terceira) de xestores de redes sociais, destinada ao persoal da nosa universidade que xestiona contas institucionais nas redes.

■ Captación de alumnado

As redes son tamén fundamentais para captar novo alumnado. Ao longo da primavera desenvolveuse a campaña publicitaria “**Son o que quero ser**”. A nivel xeral, estamos satisfeitos, porque as cifras de impresións e de clics son moi elevadas, tanto nas campañas de busca como as de display, que suman máis de 20.000 clics en Google, como no marketing en Facebook e en Instagram. Nestas redes os anuncios visualizáronse máis de dous millóns de veces e alcanzaron a 171.584 persoas.

Co mesmo obxectivo de difundir a nosa oferta académica entre o estudantado de secundaria, a Vice-reitoría de Estudantes coordinou a campaña **Visita o teu campus**, que trouxo aos nosos centros máis de 2.500 alumnos e alumnas de colexios e institutos para recibiren información sobre carreiras e saídas profesionais relacionadas coas titulacións que impartimos. De igual xeito, en dous anos duplicamos as visitas aos centros, que xa chegaron a **81** en 2018.

■ Publicacións

O Servizo de Publicacións enriqueceu o seu catálogo con 18 novos volumes. Actualizouse de novo a

plataforma de xestión de revistas dixitais á **versión 3.1.1.4**. Neste momento están na plataforma OJS3 dezasete das dezoito revistas da Universidade e quince delas reciben DOI.

Así mesmo, estamos a incorporar os históricos das nosas revistas que viñan publicándose en soporte papel ou en sitios web. Incrementouse de xeito considerable a publicación, sobre todo, de libros de actos e de cursos e congresos en formato electrónico, dispoñibles para investigadores, estudantes e profesionais no noso repositorio oficial.

■ Empregabilidade

